

BASE DE DATOS DE Norma DEF.-

RESOLUCION de 11 de diciembre de 2018, de la Comunidad Autónoma de Galicia, del Servicio de Empleo y Economía Social, por la que se determinan las fiestas laborales de carácter local para el año 2019 para la provincia de Pontevedra.

(BOP de 19 de diciembre de 2018)

Consonte co disposto no artigo 37.2 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, nos artigos 45 e 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarados vixentes pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo e no Decreto 134/2018, do 10 de outubro, polo que se determina o calendario laboral para o ano 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia, esta Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria, elaborou para a provincia de Pontevedra o seguinte:

CALENDARIO LABORAL

Primeiro. Festas laborais de carácter xeral.

De conformidade co disposto no Decreto 134/2018, do 10 de outubro, da Xunta de Galicia, as festas laborais de carácter retribuído e non recuperable no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019 serán as seguintes:

- 01 de xaneiro Ano novo
- 19 de marzo San Xosé
- 18 de abril Xoves Santo
- 19 de abril Venres Santo
- 01 de maio Festa do Traballo
- 17 de maio Día das Letras Galegas
- 25 de xullo Santiago Apóstol–Día Nacional de Galicia
- 15 de agosto Asunción da Virxe
- 12 de outubro Festa Nacional de España
- 01 de novembro Todos os Santos
- 06 de decembro Día da Constitución Española
- 25 de decembro Día de Nadal

Segundo. Festas laborais de carácter local.

Ao abeiro do disposto no artigo 37.2 do Estatuto dos traballadores, artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, artigo 2 do Decreto 134/2018, do 10 de outubro e o artigo 1.11º do Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de traballo, serán inhábiles para o traballo, retribuídas e non recuperables, a proposta do Pleno dos respectivos concellos, as seguintes festas de ámbito local:

| | | |
|---------|----------------|-------------------------------------|
| AGOLADA | 01 de xullo | |
| | 05 de marzo | |
| ARBO | 11 de xullo | San Bieito |
| | 16 de agosto | San Roque |
| BAIONA | 01 de marzo | Festa da Arribada |
| | 26 de setembro | San Cosme e San Damián |
| BARRO | 14 de xuño | Festa do Viño |
| | 04 de outubro | Romaría de San Breixo |
| BUEU | 16 de xullo | Festividade da Nosa Señora do Carne |

| | | |
|--------------------|----------------|--|
| | 11 de novembro | Festividade de San Martiño |
| CALDAS DE REIS | 24 de xuño | San Xoán |
| | 16 de agosto | San Roque |
| CAMBADOS | 11 de xullo | |
| | 18 de xullo | |
| CAMPO LAMEIRO | 13 de xuño | San Antonio |
| | 30 de setembro | San Miguel |
| CANGAS | 12 de abril | Venres das Dores |
| | 26 de agosto | Luns do Cristo |
| CAÑIZA, A | 10 de xuño | Romería das Pascuillas |
| | 15 de outubro | Santa Teresa |
| CATOIRA | 08 de xullo | San Pedro na parroquia de Dimo |
| | 15 de xullo | San Antonio de Padua na parroquia de Catoira |
| CERDEDO COTOBADE | 29 de xullo | Festividade do EcceHomo |
| | 19 de agosto | San Roque |
| COVELO | 10 de xuño | Festa das Pascuillas |
| | 26 de xullo | |
| CRECENTE | 13 de maio | Virxe de Fátima |
| | 26 de xuño | San Pelaio |
| CUNTIS | 24 de xuño | San Xoán |
| | 11 de xullo | San Bieito |
| DOZÓN | 22 de xullo | |
| | 06 de agosto | |
| ESTRADA, A | 26 de xuño | |
| | 27 de xuño | |
| FORCAREI | 26 de Agosto | Luns das Dores |
| | 11 de novembro | San Martiño |
| FORNELOS DE MONTES | 22 de abril | Luns de Pascua |
| | 12 de agosto | Festas de San Lourenzo |
| GONDOMAR | 11 de xullo | San Benito |
| | 16 de agosto | San Roque |
| GROVE, O | 16 de xullo | Festividade do Carne |
| | 11 de novembro | Festividade de San Martiño |
| GUARDA, A | 16 de xullo | Virxe do Carne |
| | 23 de setembro | Santa Trega |
| ILLA DE AROUSA | 07 de xaneiro | Festividade de San Xulián |
| | 05 de marzo | Martes de entroido |
| LALÍN | 23 de setembro | |
| | 24 de setembro | |
| LAMA, A | 26 de xullo | San Xoaquín e Santa Ana |
| | 05 de agosto | Festa das Ermidas |
| MARÍN | 06 de marzo | Mércores de Cinza |
| | 16 de xullo | Festividade da Virxe do Carne |
| MEAÑO | 11 de xullo | San Bieito |
| | 13 de decembro | Santa Lucía |
| MEIS | 22 de abril | Luns de Pascua (Nosa Señora das Cabezas) |
| | 11 de xullo | San Bieito |
| MOAÑA | 16 de xullo | Día do Carne |
| | 11 de novembro | San Martiño |

| | | |
|--------------------|----------------|---|
| MONDARIZ | 10 de xuño | |
| | 16 de agosto | |
| MONDARIZ BALNEARIO | 11 de febrero | Festividade da nosa señora de Lourdes |
| | 10 de xuño | Peregrinación ao Santuario da Franqueira |
| MORAÑA | 19 de xullo | Santa Xusta |
| | 13 de decembro | Santa Lucía |
| MOS | 13 de xuño | Festa da Rosa |
| | 07 de agosto | San Mamede |
| NEVES, AS | 29 de xullo | Santa Marta |
| | 05 de agosto | Nosa Señora das Neves |
| NIGRÁN | 24 de xuño | San Xoán |
| | 01 de agosto | San Fiz |
| OIA | 10 de xuño | Festividade da Virxe do Mar, Patrona de Oia |
| | 07 de agosto | San Mamede |
| PAZOS DE BORBÉN | 15 de xaneiro | San Amaro |
| | 22 de abril | Luns de Pascua |
| POIO | 24 de xuño | Día de San Xoán |
| | 24 de setembro | Festividade da Mercé |
| PONTEAREAS | 24 de xuño | Luns seguinte á festividade do Corpus Christi |
| | 30 de setembro | Luns seguinte á festividade de San Miguel |
| PONTE CALDELAS | 06 de marzo | Mércores de Cinza |
| | 28 de agosto | Mércores da Festa das Dores |
| PONTECESURES | 07 de xaneiro | San Xulián |
| | 08 de xullo | Festa do Carme |
| PONTEVEDRA | 06 de marzo | Mércores de Cinza |
| | 11 de xullo | San Bieito |
| PORRIÑO, O | 11 de xullo | San Benito |
| | 23 de setembro | Festa do Cristo |
| PORTAS | 22 de abril | Luns de Pascua |
| | 11 de xullo | San Bieito |
| REDONDELA | 29 de abril | Luns do Cristo |
| | 20 de xuño | Xoves de Corpus |
| RIBADUMIA | 22 de abril | Luns de Pascua |
| | 31 de maio | Venres da Festa do Tinto |
| RODEIRO | 21 de xaneiro | Luns anterior ao San Vicente |
| | 17 de xuño | Luns posterior ao San Antonio |
| ROSAL, O | 05 de marzo | Martes de Entroido |
| | 11 de novembro | Día de San Martiño |
| SALCEDA DE CASELAS | 05 de marzo | Martes de Entroido |
| | 22 de xullo | Luns do Cristo |
| SALVATERRA DE MIÑO | 13 de maio | Festividade da Virxe de Fátima |
| | 10 de xuño | Festividade do Santísimo Cristo da Vitoria |
| SANXENXO | 22 de abril | Romaría de O Con |
| | 04 de setembro | Santa Rosalía |
| SILLEDA | 12 de xullo | Festa do Lacón |
| | 26 de agosto | Festa da Empanada de Bandeira, luns posterior |
| SOUTOMAIOR | 22 de abril | Luns de Pascua |
| | 06 de agosto | San Salvador |
| TOMIÑO | 05 de marzo | Martes de Entroido |

| | | |
|----------------------|----------------|---------------------|
| | 16 de setembro | Luns do Alivio |
| TUI | 05 de marzo | Martes de Entroido |
| | 29 de abril | Luns de San Telmo |
| VALGA | 24 de xuño | San Xoán |
| | 16 de agosto | San Roque |
| VIGO | 28 de marzo | Reconquista de Vigo |
| | 16 de agosto | San Roque |
| VILABOA | 05 de marzo | Martes de Entroido |
| | 11 de novembro | San Martiño |
| VILA DE CRUCES | 12 de agosto | |
| | 13 de agosto | |
| VILAGARCÍA DE AROUSA | 22 de maio | Santa Rita |
| | 16 de agosto | San Roque |
| VILANOVA DE AROUSA | 15 de xaneiro | San Mauro |
| | 16 de setembro | San Cibrán |

Terceiro.

Consonte co disposto no artigo 30.7 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as festas laborais sinaladas, tanto as de carácter autonómico coma local, terán a consideración de días inhábiles para os efectos de cómputos de prazos

Cuarto.

Obrigatoriedade do calendario. En virtude do disposto no artigo 34.6 do Real decreto legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, as empresas deberán ter exposto nun lugar visible do centro de traballo, para coñecemento e consulta dos traballadores, o calendario laboral. O incumprimento do anterior constitúe infracción en materia laboral tipificada no artigo 6.1 do Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Vigo, a 11 de decembro do 2018.

O xefe territorial A xefa do Servizo de Coordinación Administrativa

P. D. Decreto 135/2017, do 28 de decembro e Xestión Económica

(DOG nº 18 do 25/01/2018) Ana María Rodríguez Senra